

ALFRED DE MUSSET

Margot

Traducido por Xavier Senín



Hugin e Munin

I

Nunha gran mansión de estilo gótico situada na rúa do Perche, no barrio parisiense de Le Marais, residía en 1804 unha vella dama coñecida e querida por toda a comunidade, a señora Doradour. Era esta unha muller de tempos idos, non da corte, senón da boa burguesía, adiñeirada, piadosa, cacarela e caritativa. Levaba unha vida retirada, e a súa única ocupación era dar esmolas e xogar ao *boston*¹ coa veciñanza. Na súa casa xantábase ás dúas e ceábase ás nove. Apenas saía, a non ser para ir á igrexa e, de regreso, ás veces daba un paseo pola praza Royale. En poucas palabras, conservara os costumes e, a grandes trazos, a indumentaria

¹Xogo de cartas francés para catro xogadores, similar ao *whist* e moi popular na Francia do século XIX, no que se utiliza a baralla francesa de 52 naipes. Foi importado dos Estados Unidos de América, en concreto da cidade de Boston, pois os seus habitantes inventárono para se entreter durante o asedio á localidade no marco da Guerra da Independencia (1775-1783). Aparece citado en multitude de obras literarias, entre elas, nas novelas de Honoré de Balzac (Tours, 1799-París, 1850); en *Un corazón simple*, incluído no volume *Tres contos* (1877; tradución ao galego de Emma Lázare, Galaxia, 2007), de Gustave Flaubert (Ruán, 1821-Croisset, 1880); ou en *Guerra e Paz* (1865-1869), de Lev Tolstói (Iasnaia Poliana, 1828-Astapovo, 1910), onde é o pasatempo favorito do conde Rostov e doutros personaxes.

de outrora, sen se preocupar nin moito nin pouco por canto acontecía ao seu redor; prefería ler o devocionario antes ca os xornais e deixaba que o mundo andase ao seu ritmo, sen pensar máis que en morrer en paz.

Dado que era faladora e mesmo un algo lingoreiteira, des que enviudara dúas décadas atrás, sempre tivera unha dama de compañía. Esta, que nunca se separaba dela, deviñera nunha amiga. Andaban cadora as dúas xuntas: na misa, no paseo, a carón do lar. A señorita Ursule gardaba as chaves da adega, dos armarios e mesmo do secreter. Era unha muller alta, adusta, de porte masculino, que falaba entre murmurios, despótica e bastante fungona. A señora Doradour, que era máis ben miúda, latricaba colgada do brazo daquela xardesca criatura, chamáballe querida amiga e deixábase mangonear por ela. Demostráballe á súa predilecta unha confianza cega, até o punto de que lle asegurara de antemán unha xenerosa manda testamentaria. A señorita Ursule non o ignoraba e facía coma quen que amaba a súa señora máis ca a si mesma, e endexamais falaba dela sen dirixir os ollos ao ceo e proferir suspiros de gratitude.

Nin que dicir ten que a señorita Ursule era a verdadeira dona do fogar. Mentres que a señora Doradour, estomballada na súa poltrona, calcetaba nun recanto do salón, a señorita Ursule, aferrada ás súas chaves, atravesaba os corredores con paso maxestoso, batía nas portas, pagaba os subministradores e tiráballe do xenio á servidume. Agora ben, ao que chegaba a hora da cea, tan pronto como aparecían máis comensais, asomábase con timidez, vestida con roupa escura e modesta, saudaba compunxida e sabía manterse afastada e, na

